



D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 8 de novembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

3.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES INTELIGENTES”. EXPTE. 421/1102.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 07/11/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde, que di o seguinte:

Por resolución de Alcaldía do 02.05.2016 resolveuse delegar no concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza, Contratación e 2º Tenente de Alcalde, D. David Regades Fernández, tódalas atribucións precisas para representar ao Concello de Vigo na entidade “**Red Española de Ciudades Inteligentes**” (RECI).

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira do Grupo Municipal Socialista como representante do Concello de Vigo na “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI).

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo, na “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI), efectuada mediante resolución de Alcaldía do 02.05.2016.

Segundo.- Designar como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo na “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI), ao concelleiro **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI), aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2018 10:17	Páxina 1 de 2
	Expediente 421/1102	CSV: 23E659-572389-B6D956-UENL78-TJMR8P-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/11/2018 10:17

Páxina 2 de 2

Expediente 421/1102

CSV: 23E659-572389-B6D956-UENL78-TJMR8P-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>